



# CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

## ACTA 2023-5

PRIMEIRA CONVOCATORIA

PLENO EXTRAORDINARIO

17 de Xuño de 2023

Lugar

**SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO**

Hora de Inicio

**12:00**

Hora de Finalización

**12:19**

Presidente: VICENTE GÓMEZ GARCÍA  
Secretario: SANTIAGO DE LORENZO TABOADA  
Interventor: .

### MEMBROS ASISTENTES

DANIEL DE DIOS MANSO  
EMILIO FERNANDEZ PARADA  
JOSE RAMON LOPEZ PEREZ  
LUCIA GIL CID  
MARIA CARMEN MANSO RODRIGUEZ  
MARIA DEL MAR VALLE ALVAREZ

Pola Presidencia declarase aberta a sesión e, en relación cos asuntos previstos na orde do día da mesma, adoptáronse os seguintes

## ACORDOS:

### UNICO. CONSTITUCION DA NOVA CORPORACION E ELECCION DE ALCALDE

No salón de sesións da Casa Consistorial de **Castrelo do Val**, sendo as **12:02** horas do día dezasete de xuño de dous mil vintetrés, para dar cumprimento ó que dispoñen os artigos 195 e 196 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral; e, ó que dispón o artigo 37 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2.568/1986, de 28 de novembro, referentes á constitución das Corporacións Locais e á elección de Alcalde; reuníronse, en sesión pública, os señores Concelleiros electos nas eleccións locais celebradas o día 26 de maio de 2019 que son os seguintes: D. **Vicente Gómez** García, Dna. María del **Mar Valle** Álvarez, Dna. **Lucía Gil** Cid, D. José **Ramón López** Pérez, D. **Daniel de Dios** Manso, Dna. María **Carmen Manso** Rodríguez e D. **Emilio Fernández** Parada, asistidos polo Secretario Xeral da Corporación D. Santiago Lorenzo Taboada.

### I. CONSTITUCIÓN DA MESA DE IDADE.





## CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

De seguido procedeuse a formar a mesa de idade, integrada polo Concelleiro electo de **maior** idade, de entre os asistentes, D. **Vicente Gómez** García, que pasa a presidila; e polo de **menor** idade, tamén de entre os asistentes, D. **Daniel de Dios** Manso, como vogal; actuando como Secretario da mesma o que o é da propia Corporación.

Logo de se constituir a Mesa de Idade, o Sr. Presidente declara aberta a sesión.

### II. COMPROBACION DE CREDENCIAIS E DA PERSONALIDADE DOS ELECTOS.

O Secretario Xeral manifesta que a **Xunta Electoral de Zona de Verín**, en cumprimento do que dispón o artigo 108.5 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, o día **7 de xuño de 2023** estendeu a **Acta de proclamación do resultado das eleccións municipais** que se celebraron o 28 de maio de 2023, na circunscrición electoral do Concello de **Castrelo do Val**, certificando tanto os resultados como a relación nominal de concelleiros electos, segundo o seguinte resumo:

Número de electores	863
Número de votantes	672
Número de votos válidos	663
Número de votos a candidaturas	660
Número de votos nulos	9
Número de votos en blanco	3

Nº	CANDIDATURAS	VOTOS OBTIDOS		NÚM . ELECTOS
		EN LETRA	EN NÚM.	
1	Partido Popular	Cento sesenta e dous	162	2
2	Bloque Nacionalista Galego	Setenta e catro	74	0
3	PSdeG-PSOE	Catrocentos vintecatros	424	5

De acordo có resultado reflexado, a Xunta Electoral de Zona de Verín proclamou Concelleiros electos aos candidatos de acordo coa seguinte relación nominal:

#### **PARTIDO POPULAR (PP):**

Dna. María **Carmen Manso** Rodríguez.





## CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

D. **Emilio Fernández** Parada.

### **PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PSOE (PSdeG-PSOE)**

D. **Vicente Gómez** García.

Dna. María del **Mar Valle** Álvarez.

Dna. **Lucía Gil** Cid.

D. José **Ramón López** Pérez.

D. **Daniel de Dios** Manso.

O Secretario Xeral informa de que todos os concelleiros **presentaron as credenciais** expedidas pola Xunta Electoral de Zona, polo que foi cumprido o requisito que preceptúa o artigo 7 do xa citado Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais. E de que de conformidade có artigo 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das bases do Réxime Local; todos eles **presentaron** na Secretaría Xeral as preceptivas **declaracións** para a inscrición no Rexistro de Bens Patrimoniais e no Rexistro de Actividades.

Pola Mesa de Idade procédese a comprobar as credenciais presentadas e acreditacións da personalidade dos electos, baseándose na certificación que se recibiu da Xunta Electoral de Zona.

### **III. XURAMENTO OU PROMESA DOS CONCELLEIROS.**

O Secretario Xeral anuncia que, acto seguido, os concelleiros electos teñen que **prestar xuramento ou promesa** de conformidade có artigo 108.6 da Lei Orgánica 5/1985, de Réxime Electoral Xeral, baixo a fórmula que establece o Real Decreto 707/1979, do 5 de abril. En consecuencia o Sr. Secretario formula a seguinte pregunta:

"¿Xurades ou prometedes pola vosa conciencia e honra cumprir fielmente coas obrigas do cargo de concelleiro do Concello de **Castrelo do Val**, con lealdade a El-Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado?"

Respostando os interpelados:

D. **Vicente Gómez** García: Sí, prometo.





## CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

Dna. María del **Mar Valle** Álvarez: Sí, prometo.

Dna. **Lucía Gil** Cid: Sí, prometo.

D. **José Ramón López** Pérez: Sí, prometo.

D. **Daniel de Dios** Manso: Sí, prometo.

Dna. María **Carmen Manso** Rodríguez: Sí, xuro.

D. **Emilio Fernández** Parada: Sí, prometo

### IV. DECLARACIÓN DE CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN.

Logo de se cumprir os trámites preceptivos e, comprobado que se cumpre a esixencia determinada polos artigos 195.4 da mencionada Lei Orgánica e 37.4 do referido Regulamento, a **Mesa de Idade** por medio do seu **Presidente**, en exercicio das facultades que lle outorga a lexislación vixente, **DECLARA FORMALMENTE CONSTITUIDA A CORPORACION MUNICIPAL DE CASTRELO DO VAL.**

### V. ELECCIÓN DE ALCALDE.

Pola Secretaría Xeral anúnciase que, seguidamente, procederáse á elección do Alcalde, lembrando que de acordo co que dispón o artigo 196 da repetida Lei Orgánica, poden ser candidatos os Concelleiros que encabezan as distintas listas que obtiveron representación nas pasadas eleccións locais.

Procédese á proclamación de candidatos para a elección de Alcalde, de entre os Concelleiros que encabezan as distintas listas que obtiveron representación nas pasadas eleccións locais, resultando que Dna. **María Carmen Manso** Rguez (**PP**) manifesta a súa vontade de presentar a súa candidatura á Alcaldía; D. **Vicente Gómez** García (**PSdeG-PSOE**) manifesta a súa vontade de presentar a súa candidatura á Alcaldía.

En función das respostas anteriores, resultan presentados e proclamados os candidatos seguintes:

NOME E APELIDOS DO CANDIDATO	LISTA OU CANDIDATURA NA QUE ESTA INTEGRADO
Dna. <b>María Carmen Manso</b> Rguez	Partido Popular ( <b>PP</b> )
D. <b>Vicente Gómez</b> García	Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE ( <b>PSdeG-PSOE</b> )





## CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

Chegado este momento, por parte da Secretaría faise a seguinte intervención:

Nin a lexislación electoral (artigo 196 LOREG) nin a lexislación local (artigos 98 e ss. do ROF) esixen que a votación sexa secreta. O artigo 40 do ROF remite á lexislación electoral, pero ante o seu silencio hai que volver novamente á norma local, e o artigo 40 do ROF establece que para a elección de Alcalde é preciso aplicar "as normas relativas ó rexime das sesións plenarias do concello". O artigo 101 do ROF distingue entre votación ordinaria, nominal e secreta, engadindo que ésta só pode utilizarse para a elección ou destitución de persoas, e con carácter facultativo; o que se deduce do término "poderá" que utiliza o número 3 do mesmo. É dicir, o que a normativa fai é habilitar á Corporación para que acorde o voto secreto, pero non ten que selo en todo caso.

Por tanto e como conclusión, debemos afirmar que, salvo que o acorde o Pleno, a votación para elixir ó Alcalde, pode ser ordinaria e, únicamente se así se decide, pode ser nominal ou secreta. Acto seguido, de acordo co que dispón o artigo 196 da xa varias veces citada Lei Orgánica 5/1985, procedeuse á elección de Alcalde, iniciándose a votación, de acordo co que establece o artigo 102.1 do tamén mencionado Regulamento (votación ordinaria), para elixir de entre os candidatos proclamados para o devandito cargo, **obténdose o seguinte resultado:**

CANDIDATO	NUMERO DE VOTOS OBTIDOS	
	En letra	En número
D. <b>Vicente Gómez</b> García	Cinco	5
Dna. <b>María Carmen Manso</b> Rodríguez	Dous	2

Consecuentemente, ao obter a maioría absoluta establecida no artigo 196 b) Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral, polo Secretario Xeral **PROCLÁMASE** Alcalde electo de Castrelo do Val ao Sr D. **Vicente Gómez** García

### VI. XURAMENTO OU PROMESA E TOMA DE POSESION DO SR. ALCALDE.

Inmediatamente o Sr. Concelleiro que resultou elixido como Alcalde deste Municipio, D. **Vicente Gómez** García, integrado na lista ou candidatura do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE (PSdeG-PSOE), que acepta o cargo para o que foi elixido, fixo a seguinte





## CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

promesa:

- "*Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente coas obrigas do cargo de **Alcalde** do Concello de **Castrelo do Val**, con lealdade a El-Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado*". **Tomando posesión do seu cargo neste mesmo acto e pasando a ocupar a Presidencia.**

A continuación o Secretario-Interventor dá lectura á **acta de arqueo extraordinario**, redactada con motivo da **constitución da nova Corporación**, que xustifica as existencias da corporación, depositadas en entidades bancarias, así como datos relativos patrimonio municipal segundo o balance de situación contable, de acordo co preceptuado no número 2 do artigo 36 do repetido Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e para os efectos do preceptuado no artigo 86 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril e artigo 33.2 do Regulamento de bens das entidades locais, aprobado por Real Decreto 1.372/1986, do 13 de xuño.

Os presentes quedaron enterados do seu contido; sendo os resumos seus os seguintes:

1. DA ACTA DE ARQUEO	
<b>Existencia do arqueo anterior</b>	<b>401.437,11</b>
Ingresos desde o devandito arqueo	112.917,51
<b>SUMA</b>	<b>514.354,62</b>
Pagamentos desde o devandito arqueo	177.762,13
<b>Existencias</b>	<b>336.592,49</b>

2. BALANCE DE SITUACION	
<b>ACTIVO</b>	
INMOVILIZADO	9.101.498,06
ACTIVO CIRCULANTE	1.120.261,29
<b>TOTAL ACTIVO</b>	<b>10.221.759,35</b>
<b>PASIVO</b>	
PASIVO NO CORRENTE	64.310,10
PASIVO CORRENTE	447.052,71
<b>PATRIMONIO LIQUIDO</b>	<b>9.856.868,87</b>

Seguidamente o Sr. Alcalde pronunciou o seguinteun discurso:





## CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

*"Bos días a todos/as.*

*É para min unha honra ser elixido alcalde de Castrelo do Val.*

*Antes de nada quero dar as gracias a aqueles veciños que o día 28 escolleron a papeleta da candidatura do PSdeG-PSOE que eu encabezaba, para darnos a confianza maioritariamente. Gracias especialmente ós compañeiros/as que me acompañaban nesa candidatura, tanto os que saíron concelleiros como os que non, e dar as gracias tamén á miña familia, que moitas veces teñen que sufrir o meu mal humor cando as cousas no concello non saen como me gustaría.*

*Unha vez pasadas as eleccións éste alcalde e o seu grupo gobernará para todos: para os que nos votaron e para aqueles que escolleron outras opción. Espero que o grupo da oposición, o grupo Popular, traballe con lealdade e responsabilidade buscando o ben dos veciños e non buscando rentabilidade política.*

*Ésta é a sexta investidura á que me someto e saio elixido alcalde; e as miñas intencións pouco varían das anteriores, é por eso que non vou facer un discurso triunfalista, nin cheo de proxectos, eu son unha persoa práctica e realista.*

*Pola miña experiencia, xa sei que un 80% das inversións veñen marcadas por outras administración, a través de ordes e subvencións, que, ademáis, veñen determinadas para unha serie de infraestructuras concretas, e por riba sabendo cómo funcionan as administracións. Non quero, nesta intervención, marcarme obxectivos nin proxectos sen ter a seguridade de que se podan facer realidade, da mesma maneira que na campaña electoral, tampouco prometemos proxectos nin obras.*

*A pesar de non prometer grandes proxectos, non debemos facelo tan mal, xa que as candidaturas do PsdeG-PSOE, levan acadando a maioría absoluta dende o ano 1987, incluso subindo en porcentaxe de voto nas dúas últimas convocatorias.*

*Pero falando de proxectos, sí que hai algún que podemos prometer, xa que non depende de subvencións nin de cartos, que é a atención aos cidadáns, que hoxe nos diferencia doutros concellos.*

*Esa atención, que se foi mellorando nas anteriores lexislaturas; estoume referindo a trámites que os cidadáns teñen que facer no concello, como certificados de empadramento, de nacemento e defunción, fés de vida, autorización para queimas, cortas, etc. Posto que os veciños que acuden a buscalos, poden saír do concello con eses documentos, sen ter que agradecerlle nada a ningún político; e eso, é darlle liberdade ós veciños de Castrelo do Val.*

*Evidentemente, isto non sería posible sen a sintonía e empatía de traballadores e funcionarios; e por eso espero seguir contando con todos eles nesta lexislatura para seguir mellorando todo aquilo que signifique unha mellora dos servizos ós veciños.*

*Nesta atención ós cidadáns, tamén se inclúe a alcaldía e o grupo de goberno, que estará aberto a calquera queixa ou suxerencia de todos os veciños, sen ter en conta as siglas á hora de atendelo, tanto no Concello, na rúa ou telefónicamente a calquera hora do día.*





## CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

*E a eso me comprometo, a traballar pensando sempre en mellorar a vida de todos os veciños do Concello de Castrelo do Val".*

O público asistente aplaudiu esta intervención.

Acto seguido, fixo uso da palabra a Sra. **Manso Rodríguez (PP)** que, en primeiro lugar, díu á noraboa ao Sr. Alcalde pola súa elección. Explicou que atópase substituindo ao número un da súa candidatura, o Sr. Francisco Silva que presentou a súa renuncia por motivos de saúde; polo que serán agora ela e o seu compañeiro Emilio Fernández Parada os representantes da candidatura do PP na corporación; confiando en que o farán o mellor posible. Rematou mostrando o seu agradecemento aos veciños que confiaron neles e lles diron o seu voto, acadando dous concelleiros na corporación resultado -dí- moi bó.

Tralo que o Secretario dá lectura ós **artigos 24, 25 e 38 do** xa varias veces citado **Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.**

Do seu contido quedan enterados os asistentes, co que se deu por rematado o acto, dispóndose ó cumprimento dos requisitos legais establecidos.

E ó non ser outro o obxecto deste acto, remata a sesión estendéndose esta acta, que o Sr. Presidente asina connigo, o secretario, que dou fe.

O Presidente

O Secretario

